

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E O CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA OBRAS DE REFORMA NO CENTRO CULTURAL SANTA EMILIA DE MONDOÑEDO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Mondoñedo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Mondoñedo realizar obras de reforma no centro cultural Santa Emilia de Mondoñedo para albergar unha sala para eventos culturais, concertos de piano, presentación de libros, exposicións, etc.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actuación. O Centro Cultural Santa Emilia é un espazo único onde a historia, a beleza arquitectónica e a creatividade únense para ofrecer experiencias culturais inesquecibles.

Situado no Salón dos Alicerces do emblemático Palacio Indiano, o Centro Cultural Santa Emilia non é só un espazo para a arte e a cultura, senón tamén unha homenaxe á rica historia e patrimonio da cidade. O palacio, co seu encanto e elegancia dos anos 1920, ofrece un escenario único que transporta aos visitantes a outra época.

Por todo o anterior, o Concello de Mondoñedo é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

